

ACHÉGATE AO GALEGO!

CURSOS DE ACHEGAMENTO Á LINGUA GALEGA

A Concellaría de Normalización Lingüística organiza, novamente, cursos de formación en lingua galega para a cidadanía viguesa, no marco do programa: ACHÉGATE AO GALEGO!, xestionado polo Servizo de Normalización Lingüística.

Neste inicio de 2019 programa dous cursos, de 40 horas cada un, que se desenvolverán no primeiro trimestre: **CURSO DE GALEGO NIVEL 0** e **CURSO DE GALEGO NIVEL 1**.

Lugar: aula 2 do 5º andar do **Auditorio Mar de Vigo**.

A metodoloxía será eminentemente práctica e fomentarse a participación activa do alumnado, xa que a mellor maneira de aprender é escoitando, falando, lendo e escribindo; traballaranse estas habilidades lingüísticas básicas, mediante a exposición directa na aula e un uso auténtico do idioma, incidindo nos aspectos de maior dificultade e nas dúbidas de tipo teórico-práctico coas que se enfrontan na súa práctica diaria, tanto na oralidade coma na escrita.

CURSO DE GALEGO NIVEL 0 (moi básico): **do 22 de xaneiro ao 14 de marzo de 2019**

- Horario: martes e xoves, de 11 a 13.30 h.
- Datas: 22, 24, 29 e 31 de xaneiro; 5, 7, 12, 14, 19, 21, 26 e 28 de febreiro; e 5, 7, 12 e 14 de marzo.

O curso *Achégate ao galego nivel 0 (moi básico)* está dirixido a persoas, de Galicia e de fóra, sen apenas coñecementos do idioma, que procuran formación para se iniciar na lingua galega e acadar unha competencia básica no uso do galego estándar.

O obxectivo primordial deste curso é familiarizarse coa lingua galega dun modo práctico e dinámico, dotando o alumnado dos recursos necesarios para desenvolver as habilidades lingüísticas básicas (escoitar, falar, ler e escribir), que lle permitan satisfacer as súas necesidades de comunicación máis primarias.

Mediante a exposición directa na aula e un uso vivo do idioma, fomentaremos a participación activa do alumnado, concentrándonos nas dificultades da aprendizaxe, para resolver as principais dúbidas coas que acotío se enfrontan as persoas usuarias do galego.



CURSO DE GALEGO NIVEL 1 (básico; para as persoas que xa fixeron o nivel 0 ou teñen coñecementos previos): **do 21 de xaneiro ao 13 de marzo de 2019**

- Horario: luns e mércores, de 17 a 19.30 h.
- Datas: 21, 23, 28 e 30 de xaneiro; 4, 6, 11, 13, 18, 20, 25 e 27 de febreiro; e 4, 6, 11 e 13 de marzo.

O curso *Achégate ao galego* nivel 1 (básico) está concibido como unha continuación da formación adquirida no curso de achegamento do nivel 0 e diríxese a todas aquelas persoas, de dentro e fóra de Galicia que, partindo duns coñecementos básicos do idioma, busquen mellorar e ampliar a súa competencia lingüística no uso do galego estándar.

A finalidade primordial destas aulas consiste en motivar e axudar o alumnado a aprender a lingua galega dun modo significativo, lúdico e dinámico, e a facilitar os recursos necesarios para poder utilizar adecuada e eficazmente o noso idioma nun amplo repertorio de situacións comunicativas propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Entre os contidos que se traballarán temos:

- ✓ O tratamento dos sons, as expresións e a entoación da lingua galega.
- ✓ A expresión oral e escrita das necesidades comunicativas, afectivas e creativas en lingua galega.
- ✓ A adquisición de destrezas na produción dunha escrita útil.
- ✓ Recursos para mellorar a nosa competencia lectora: aprender a emocionar e a emocionarnos cunha historia ben contada.
- ✓ Vocabulario e rexistros relativos a diferentes situacións formais e informais presentes na vida cotiá.
- ✓ Os usos sociais da lingua, a interacción oral e o control da comunicación.

A inscrición é libre e de balde, e para formalizala cómpre cubrir o **formulario dispoñible na web do SNL** <https://snl.vigo.org/inscripcion>. No asunto deberán especificar o curso: *CURSO DE GALEGO NIVEL 0* ou *CURSO DE GALEGO NIVEL 1* (segundo corresponda).